

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 9 de novembro de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9,05 horas do día nove de novembro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1438).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase as actas das sesións: extr. urx. 25.10. ordinaria do 26.10 e extr. urx. do 31.10.2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1439).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 409/01.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 29.10.2012, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a seguinte persoa:

- D<sup>a</sup>. Purificación Crespo Romero. Expte.409/01.

**3(1440).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A EL CORTE INGLES, S.A. EXPTE. 4258/241.**

Vistos o informe da oficina técnica, o informe de Intervención Xeral e o informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a EL CORTE INGLES, S.A. a fianza de 7.575,60 € constituída para responder da subministración de vestiario, xa que foi recibido mediante acta de 20.10.2011, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrela prazo de garantía.

**4(1441).- AUTORIZAR A ENTIDADE MENOR DE BEMBRIVE A ORGANIZAR O VINDEIRO 1.11.2012, A II CARREIRA SOLIDARIA NOCTURNA. EXPTE. 11656/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.10.2012, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a Entidade Menor de Bembrive, a organizar o vindeiro sábado 1 de decembro de 2012, a “**II CARREIRA SOLIDARIA NOCTURNA**” dita proba se desenvolverá dende a farmacia de Bembrive (Estrada de Bembrive), percorrendo polo cño dos Novelos. Espedrás e volta a Estrada de Bembrive (dende a panadería Blanco ata o edificio onde se atopa a Entidade Local Menor), esta proba comezará 20.00 horas e rematará ás 22.00 horas aproximadamente”

**5(1442).- AUTORIZAR A SINGLETRACK A ORGANIZAR O VINDEIRO 16.12.2012, A VII SUBIDA O CASTRO. EXPTE. 11645/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.10.2012, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar, SingleTrack, a organizar o vindeiro domingo 16 de decembro de 2012, a VII SUBIDA O CASTRO, a partir das 12.00 horas, dende a rúa Canovas del Castillo e atravesando as rúas , Praza do Berbés, Teófilo Llorente, Escalinatas Mercado da Pedra, Praza da Pedra, Praza de Almeida, Cesteiros, Praza da Constitución, Porta do Sol, Escalinatas Edificio Simeón, Paseo de Granda, Praza do Rei, Avda. Das Camelias, Paseo dos Cedros, Paseo de Rosalía de Castro, rematando no Castelo do Castro onde se atopa a meta”

**6(1443).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN "LUIS TILVE". AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9118/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 25.09.2012, conformado polo concelleiro de área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 1.10.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 2.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación "Luis Tilve", con CIF: G15169949.
2. Autorizar o gasto de 36.140,60 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
3. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil doce

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Jesús Mosquera Sueiro, como Presidente da Fundación "Luis Tilve", con CIF: G15169949, e enderezo social en Avenida Cruceiro da Coruña, 22 baixo 15705 Santiago de Compostela, Representación que acredita mediante acta notarial, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**EXPOÑEN**

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sociais, veciñais, sindicais e empresariais de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

## MANIFESTAN

I.- Que a Fundación "Luis Tilve", conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Fomenta-lo coñecemento e o espallamento da Cultura Sindical.
- Axudar ó estudio e á investigación da historia dos sindicatos, en Galicia.
- Axudar ó estudio e á investigación do Sindicalismo e da súa problemática na sociedade galega de hoxe.
- Contribuír ó estudio e á investigación da emigración e a inmigración galegas.
- Contribuír á formación, no seu lato significado, dos responsables e dirixentes sindicais, en orde a favorece-lo mellor cumprimento da súas responsabilidades específicas.
- Contribuír á formación da clase traballadora, tanto dende o punto de vista laboral como dende unha perspectiva profesional, incluíndo a do profesorado en exercicio.
- Facilitar ós estudantes e investigadores de cuestións relacionadas con este obxecto fundacional o seu labor.
- Elaborar e subministrar información sobre tódolos temas que signifiquen un progreso para a clase traballadora.
- Promover os valores do traballo digno, as accións solidarias e a defensa do medio ambiente e dos bens comúns.
- Fomentar o estudo e a investigación no ámbito das ciencias sociais, históricas e xurídicas, par ao mellor cumprimento dos fins antes salientados.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

### Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

### Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior
<b>Ambos sexos</b>	<b>33894</b>	444	5587	3366	21002	3495
<b>Homes</b>	<b>15616</b>	319	3343	2944	7782	1228
<b>Mulleres</b>	<b>18278</b>	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas no ámbito da investigación e recompilación documental, pola Fundación "Luis Tilve", impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a adquisición de experiencia laboral diplomados/as universitarios/as en arquivística e biblioteconomía, mediante a realización das actividades de:

- a) Recompilar toda a documentación relativa aos movementos sociais e obreiros, fundamentalmente na cidade de Vigo.
- b) Estudar as distintas fontes bibliográficas relacionadas cos movementos sociais e obreiros, fundamentalmente na cidade de Vigo, a fin de completar as liñas de investigación da fundación.
- c) Por a disposición do público en xeral toda a documentación e material recompilado.
- d) Ordenar, catalogar e clasificar toda a documentación recompilada, copiada ou dixitalizada.
- e) Iniciar un proxecto de recompilación documental que derive nun futuro traballo de investigación sobre o movemento obreiro en Vigo e a súa área de influencia.

**V.-** Que a Fundación "Luis Tilve" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación "Luis Tilve", o Concello de Vigo e a dita Fundación "Luis Tilve" convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

**PACTOS**

**Primeiro.-** A Fundación "Luis Tilve", comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

1. Facilitar a adquisición de experiencia laboral diplomados/as universitarios/as en arquivística e biblioteconomía, mediante a realización das actividades de:
  - a) Recompilar toda a documentación relativa aos movementos sociais e obreiros, fundamentalmente na cidade de Vigo.

- b) Estudar as distintas fontes bibliográficas relacionadas cos movementos sociais e obreiros, fundamentalmente na cidade de Vigo, a fin de completar as liñas de investigación da fundación.
  - c) Por a disposición do público en xeral toda a documentación e material recompilado.
  - d) Ordenar, catalogar e clasificar toda a documentación recompilada, copiada ou dixitalizada.
  - e) Iniciar un proxecto de recompilación documental que derive nun futuro traballo de investigación sobre o movemento obreiro en Vigo e a súa área de influencia.
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
  3. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  4. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
  5. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
  6. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
  7. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
  8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
  9. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Fundación "Luis Tilve"
3. Conceder directamente á Fundación "Luis Tilve" unha subvención total por importe de 36.140,60 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

4. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
5. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
6. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

**Oitavo.-** Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
2. Tres vocais:
  - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  - b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade **Fundación "Luis Tilve"**.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Noveno.-** A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.



**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Fundación "Luis Tilve" no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo oitava.-**A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2012.

## **7(1444).- OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2012. EXPTE. 102052/140.**

Dáse conta da resolución da concelleira delegada da área de Economía e Facenda, segundo informe do Interventor Xeral, do 11.10.2012, referente ás operacións de peche do exercicio orzamentario 2012.

"A regulación das operacións de peche do exercicio de 2012 en relación co control e a contabilización dos rexistros que se derivan da execución do estado de gastos e ingresos dos orzamentos así como dos movementos non orzamentarios, fai necesario dictar as oportunas instrucións.

Para conseguir os obxectivos, os distintos niveis da Administración para facilitar o peche anual, elaboran e poñen en vigor anualmente unhas instrucións que sirven ás distintas unidades xestoras como guía para a tramitación dos procedementos administrativos e de execución de fin de exercicio.

En cumprimento do regulamentado na Disposición Adicional Sexta das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2012, antes de escomenzar o mes de novembro, a Concellería Delegada de Economía e Facenda, dará a coñocer a Xunta de Goberno Local, as normas e prazos de tramitación e peche daqueles expedientes ou operacións que afecten ao orzamento (tramitación de facturas, fondos a xustificar e rendición dos mesmos, expedientes de indemnizacións substitutivas, devolución de ingresos indebidos, anulación de dereitos, tramitación de fases contables, etc.), coa finalidade de garantir e cumprir os prazos legais de peche e liquidación dos orzamentos.

Na súa virtude, se dispoñen as seguintes normas:

### *Tramitación de expedientes de contratos menores*

A solicitude de retencións de crédito para a tramitación posterior de facturas dentro do exercicio orzamentario efectuarase ata o día 27 de decembro. Esta data hai que entendela de entrada na unidade Contabilidade. Aquelas retencións de crédito que se rexistrasen e que non fosen obxecto da tramitación da correspondente factura dentro do exercicio económico, quedarán anuladas ó peche do exercicio. Así mesmo, na tramitación destes contratos se suxeitarán á tramitación electrónica actualmente en vigor, debendo estar asinados nas devanditas datas.

### *Tramitación de documentos contables de autorización e compromiso do gasto*

Os expedientes que previa aprobación polo órgano competente, requiran a expedición dos documentos contables en fase D, AD, terán como data límite de entrada en Contabilidade o día 28 de decembro. As unidades xestoras, extremarán as accións de seguimento dos expedientes que lle afecten e que son obxecto de perfeccionamento nas derradeiras sesións da Xunta de Goberno Local, para a súa remisión á Unidade de Contabilidade dentro do ano e coa data límite establecida para a súa contabilización.

Si non se remítise físicamente, alomenos haberá que facelo telemáticamente, e posterior entrega física do expediente ou expedientes en cuestión.

### *Libramentos a xustificar*

Os fondos expedidos a xustificar con cargo ao orzamento corrente tramitaranse ata o día 28 de decembro, debéndose ter en conta os prazos para a súa rendición que se regulan na instrución de servizo 01/2006. As contas deberán estar rendidas antes do peche do exercicio orzamentario, e dicir, con data límite 31 de decembro, ou hábil anterior, seguindo os procedementos rexistrados que lle corresponde efectuar ó habilitado/a. A xustificación da rendición dentro do ano, é a necesidade legal de incorporar os saldos das mesmas a Acta de Arqueo de final de ano, calesqueira que sexa o importe dos fondos pendentes de xustificar en poder do habilitado/a e o prazo que levan na conta restrinxida de habilitación.

Sen excepción algunha, os pagos que deran lugar a algunha retención deberán rendirse dentro do ano, para poder ingresalos na Axencia Tributaria na liquidación anual.

Todas as contas restrinxidas dos habilitados/as deberán quedar con saldo CERO a finais do ano. Se nalgunha delas houberse algún redimento financeiro, deberán darse instrucións á entidade financeira para que os traslade ás contas operativas da Entidade ante de remata-lo ano.

Os Habilitados/as comprobarán que a súa conta contable non rexistra un saldo impropio (acreedor), xa que neste caso e probable que se estivesen a aplicar pagos á conta da que son responsables, pero os fondos están ingresados en outra, ou (saldo deudor cando debería ser Cero), neste caso, pode que se estivesen aplicando os pagos á conta doutro habilitado/a.

Para conocer cales son os erros habituais no tratamento dos fondos a xustificar, deberáse ter e conta as instrucións remitidas a todo-os habilitados/as en data 28 de febreiro de 2008.

### *Facturas*

Respecto da tramitación de facturas para seu control e contabilización en Fase de execución orzamentaria "O" ou "ADO", recibiránse para a súa imputación a presuposto corrente ata o día 28 de decembro. Enténdese esta data como límite para que esta Unidade Administrativa de Contabilidade reciba nas súas dependencias os citados documentos, con independencia das datas nas que opere o Rexistro Xeral. Os citados documentos mercantís ou aqueles que os substitúan e que poidan xerar obrigas para o Concello, se remitirán coa preceptiva documentación acreditativa da prestación e cos demais requisitos que regulan as Bases de Execución do Presuposto (Base 18ª e 19ª) e o Real Decreto 1496/2003.

As unidades xestoras, aos efectos de non perder os créditos, tramitarán as facturas dentro do vixente ano orzamentario (incluídas as prestacións correspondentes aos contratos ata o mes de decembro inclusive), tendo en conta ademais que o día 29, 30 son e 31 de

decembro son inhábiles nesta Administración. Naqueles casos en que a tramitación non fose posible e o gasto quedase en fase de execución “D” ou “AD”, a imputación do mesmo o ano seguinte, quedaría condicionado á liquidación dos Orzamentos e a existencia de Remanente de Tesorería suficiente como recurso para financiar a modificación presupostaria de incorporación de Remanentes, que as distintas unidades xestoras solicitarían para súa incorporación, previa xustificación das causas polas que non se tramitaron os gastos con cargo ao orzamento anterior.

Polo tanto, en aplicación do principio de Devengo, as unidades xestoras deberán artella-los procesos para *tramitar toda as facturas que se correspondan con gastos de prestacións de servizos, suministros ou obras dentro do vixente ano e ata o 28 de decembro*.

Non poderá quedar factura algunha sen tramitar. A totalidade dos gastos nos que se houbese incurrido no ano, deberán ter a súa imputación ao orzamento do ano 2012, sen excepción algunha.

#### *Xustificantes de subvencións*

As subvencións que as súas Bases e convocatoria contemplan a xustificación das mesmas dentro do exercicio, deberán ser remitidas para a súa comprobación con *data límite o día 21 de decembro*, aos efectos de subsanar dentro do exercicio calqueira defecto na documentación recibida, ben porque os documentos xustificativos non son adecuados ou suficientes, ou por algún incumplimento das Bases e convocatoria das subvencións. Os responsables das unidades xestoras das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas con suxección aos requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da do beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións.

En todo caso, se a xustificación está prevista no ano, deberán achegar os xustificantes, en caso contrario, perderán o dereito a subvención.

#### *Indemnizacións substitutivas e recoñecemento extraxudicial de créditos*

A tramitación dos expedientes que conteñan procedementos de indemnización substitutiva por actuacións sen procedemento ou omisión de trámites e recoñecemento extraxudicial de créditos por obrigas nadas fora do presuposto, se recibirán en estas dependencias administrativas para a súa fiscalización e expedición de documento contable “RC” *ata o día 21 de decembro*, sempre e cando a unidade xestora do expediente, teña capacidade-possibilidade para incluír o asunto na orde do día da Xunta de Goberno Local dentro do ano no que se está a tramitar o expediente, e ademáis, con posterioridade ó acordo da Xunta de Goberno, terá que remitirse á unidade de Contabilidade o expediente, *antes do 28 de decembro* para a contabilización da Fase “AD” ou ADO, xa que ésta é a data límite para efectuar este tipo de operacións.

Os expedientes deste tipo, formaranse e seguirán os procedementos habituais regulados na Bases 28ª das de Execución do Orzamento e a Instrucción 1/2000, debendo estar completos e en condicións formais e legais de ser fiscalizados, en caso de non concorrer tal circunstancia, a unidade xestora responsabilizarase do expediente e tramitará, se fose o caso, o mesmo con cargo o exercicio orzamentario seguinte.

Neste caso, ao existir facturas ou gastos que deberían estar imputados ao orzamento do ano 2012 e non o fixeron, deberá acreditarse esta circunstancia a Intervención Xeral, aos efectos de facer o axuste correspondente sobre gastos devengados non imputados ao orzamento, que terán efectos sobre a estabilidade orzamentaria.

*Devolución de ingresos indebidos con cargo ao orzamento ou por ingresos duplicados ou excesivos*

Os expedientes por devolución de ingresos indebidos, tanto de carácter orzamentario como non orzamentario, aprobados no ano, se remitirán a unidade de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 28 de decembro. Aqueles que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados a unidade de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, remitiranse para a súa contabilización con data 2013. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo a unidade de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

Aqueles expedientes, que se pretendan tramitar e contabilizar dentro do ano 2012, deberán ser remitidos para súa fiscalización previa a aprobación do mesmo pola Concelleira Delegada de Economía e Fachenda antes do 21 de decembro.

*Baixas por anulación de dereitos de exercicio corrente ou pechado. Dereitos cancelados por insolvencias, ou outras causas de exercicio corrente ou pechado.*

Os expedientes por anulación de liquidacións, tanto de orzamento corrente como pechados, que houberen sido fiscalizados e aprobados no ano, se remitirán á unidade de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 28 de decembro.

Os expedientes que se tramiten para a súa fiscalización e aprobación, e que se pretenda a súa contabilización dentro do ano 2012, deberán ser remitidos, con data límite 21 de decembro.

Aqueles expedientes que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados á unidade de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, coa data límite de 28 de decembro, remitiránse para a súa contabilización con data 2013. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo a unidade de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo hasta que se realice a nova remisión.

Deberase ter en consideración na remisión dos expedientes deste tipo a unidade de recadación, de tal xeito que está a dar de baixa en GTWIN os mesmos acordos, debendose producir unha conciliación entre SICAP e GTWIN

*Anulación de créditos*

Unha vez feitas todas as operacións e, en aplicación do previsto no artigo 175 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estén afectos ó cumprimento de obrigas xa recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do TRLRFL.

Así mesmo, os créditos orzamentarios que fosen obxecto de financiación con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, que xa fosen incorporados ao orzamento do ano 2012, non poderán ser incorporados de novo ao orzamento do ano 2013 se non se executaron no transcurso do ano 2012.

Recordar igualmente, que os Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito tramitados no ano 2012, teñen que alomenos chegar a Fase contable "D" dentro do ano, en caso contrario, en aplicación do apartado 2 da Base 8ª das de Execución do Orzamento, non serán incorporables como remanentes de crédito ao Orzamento do ano 2013.

Os créditos dispoñibles ou que estén en fase de retención de crédito que teñan financiación con cargo ao préstamo concertado no ano 2012, en aplicación do previsto na Base 48ª das de Execución do Orzamento, non serán incorporables como remanentes ao orzamento do ano 2013.

Dese conta destas instrucións a todos os Sres. Concelleiros/as Delegados/as aos efectos da comunicación ós Xefes/as de servizo das áreas da súa responsabilidade. Non entanto o anterior, estas normas de peche do exercicio orzamentario serán incorporadas a intranet.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**8(1445).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA SOGAMA, POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DOMICILIARIOS. EXPTE. 3883/252.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Limpeza, do 9.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 30.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á factura Nº 2012/2473 de data 30 de setembro do 2012, presentada no rexistro Xeral deste Concello de Vigo pola mercantil SOGAMA con data 08 de outubro dos correntes, correspondentes á prestación do servizo de tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos domiciliarios e asimilables, recollidos con medios municipais no Termo Municipal de Vigo e depositados na planta de transferencia de Guixar durante o mes de setembro de 2012.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da Empresa SOGAMA, por importe de 499.349,75€ (máis 49.934,98€ IVE), o que supón un total de 549.284,73€, correspondente á factura Nº 2012/2473 de 30/09/12.

Terceiro.- Recoñecer a obriga económica a favor da referida mercantil para o abono da factura Nº 2012/2473 de 30/09/12 por importe de 499.349,75€ (máis 49.934,98€ IVE), o que supón un total de 549.284,73€, con cargo á aplicación orzamentaria 1620..2270016 “verquido e tratamento do lixo (SOGAMA)” do vixente orzamento municipal.

**9(1446).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS, POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MES DE SETEMBRO. EXPTE. 8884/306.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Medio Ambiente, do 15.10.2012, conformado polo concelleiro

delegado da área e pola concelleira de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 29.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Único.- Aprobar a indemnización substitutiva a prol da Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Vigo, con C.I.F.: G-36.638.955, correspondente á factura do mes de setembro de data 08/10/2012 (doc. 120115653) polo concepto de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas” por importe de 8.000 euros, con imputación á retención de crédito núm. 201200014419 da partida 1720.227.99.04 do orzamento en vigor .

**10(1447).- DEIXAR SEN EFECTO PARCIALMENTE O GASTO AUTORIZADO E COMPROMETIDO RELATIVO Á VIXILANCIA DE PRAIAS. EXPTE. 8316/306.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Medio Ambiente, do 2.11.2012, conformado pola concelleira delegada da área e polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Deixar sen efecto parcialmente o gasto autorizado e comprometido a que se refire o documento económico D nº 201200038160 da partida orzamentaria 1721.227.01.00 “Vixianza en praias” polo importe parcial de 10.985,20 euros que non resultou preciso para a execución do contrato neste ano 2012 toda vez que a formalización do contrato e inicio da prestación resultou o 20 de xuño en vez do 15 de xuño como estaba inicialmente previsto.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para que se execute a liberación do crédito, e a entidade Cruz Vermella Española.

**11(1448).- ANULACIÓN PARCIAL DO GASTO APROBADO POLA XGL DO 31.08.12, REFERENTE AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA. EXPTE. 36637/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do superintendente xefe da Policía Local, do 8.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e co fiscalizado de conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Anular parcialmente a autorización de gasto de 27.000€, acordada na sesión ordinaria de 31 de agosto de 2012, para a execución do convenio de colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública en materia de formación da Policía Local para o ano 2012, expte. 36110-212, na cantidade de 8.572€ conforme a seguinte distribución e aplicacións orzamentarias:

1. Anular parcialmente e minorar en 2.700€ o crédito retido por valor de 14.500€ segundo o RC ref. Intervención : 12.12.RC.001991, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2330000 ( cursos de formación impartidos por empregados públicos)

2. Anular parcialmente e minorar en 5.872€ o crédito retido por valor de 12.500€ segundo o RC ref. Intervención : 12.12.RC.001992, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2279910 ( cursos de formación impartidos por empresas).

**12(1449).- PRODUTIVIDADE FONTES ORNAMENTAIS 3º TRIMESTRE 2012. EXPTE. 23573/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación, do 23.10.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da área e co informe do técnico de Intervención, do 29.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecanicos que *participan no operativo da limpeza especial das fontes publicas ornamentais* , D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 3º trimestres do ano 2012.

<b>N persoal</b>	<b>Nome</b>	<b>a percibir</b>
14491	Juan Davila Perez	350
79136	Francisco J Bea Puentes	280

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 630,00€ en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, polo período correspondente ao 3º trimestre do ano 2012.

**13(1450).- DANDO CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 23/10/12 DE DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN ANTICIPADA DO FUNCIONARIO D. JOAQUÍN GÁNDARA MARTÍNEZ. EXPTE. 23536/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión do Servizo de RR.HH., do 23.10.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da área e co informe do técnico de Intervención, do 22.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Declarar, de conformidade co disposto no Real Decreto 383/2008, de 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación a favor dos bombeiros, nas súas diferentes escalas, categoría ou especialidades ao servizo das administracións e organismos públicos, a xubilación anticipada e voluntaria do



funcionario de carreira D. Joaquín Gándara Martínez (núm. persoal 13965), coa categoría profesional de Conductor-Bombeiro, con efectos dende o día 31 de outubro de 2012.

Segundo.- Dispoñer o aboamento a D. Joaquín Gándara Martínez (núm. persoal 13965) da cantidade de 9.015,18 € en concepto de indemnización por xubilación anticipada, en execución do disposto no Acordo Regulador das Condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo”, por ter cumpridos os sesenta anos en data 28/08/2012.

Terceiro.- Dar conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e ratificación se procede.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

**14(1451).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AOS MESES DE MAIO A SETEMBRO 2012. EXPTE. 23512/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 31.10.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e co informe do técnico de Intervención, do 6.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Alcaldía (Condutores)	Setembro	186'00
Extinción de Incendios	Setembro	619'00
Policia Local (Xulgados)	Setembro	800'00

Policia Local (Horas en exceso)	Setembro	355'15
Limpeza	Maio	14'00
Inspección Vías e Obras	Maio	70'00
Vías e Obras	Maio	169'00
Parque Móbil	Maio	93'00
Ospio	Maio	60,00
Montes, Parques e Xardíns	Maio	90'00
Conserxería	Maio	20'00
Parque Central	Abril e Maio	194'00
Parque Móbil (Medio Ambiente)	Maio	109'00
Parque Móbil (Limpeza)	Maio	48'00
Cultura	Abril e Maio	30'00
Medio Ambiente	Marzo e Maio	52'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 28663,00 €”.

**15(1452).- DANDO CONTA DE RESOLUCIÓN DE TRASLADO DE D<sup>a</sup> LARA RODRÍGUEZ RIAL. EXPTE. 23604/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión Municipal, de data 25.10.2012, que di o que segue:

A medio de escrito de data 30 de decembro de 2011, núm. doc. 110167958, a funcionaria D<sup>a</sup>. Lara Rodríguez Rial, nº de persoal 80574, auxiliar de administración xeral, adscrita a Asesoría Xurídica Municipal, cod. 111, solicita o seu traslado ao Servizo de Limpeza, Cód. 252, petición que conta coa conformidade da Titular da Asesoría Xurídica, segundo seu escrito de 7 de maio de 2012, toda vez que con data 2 de xullo de 2012, foi adscrita ao referido Servizo unha auxiliar de administración xeral interina por acumulación de tarefas, expte. 23175/220.

Por Resolución de data 14 de setembro de 2012, readscribiuse a D. José Luis Pérez López, auxiliar de servizos internos adscrito ao Servizo de Limpeza, ao Servizo de Extinción de Incendios, traslado que quedaba condicionado a cobertura do posto vacante producido no Servizo, segundo consta no escrito asinado polo seu xefe do Servizo en data 6 de agosto anterior.

Considerando o recollido no artigo 81.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, de 13 de abril do 2007), que contempla que as Administracións Públicas, de xeito motivado, poderán trasladar aos seus funcionarios por necesidades de servizo ou funcionais a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos aos do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando, no seu caso, a adscrición dos postos de traballo dos que sexan titulares,

Vista a Instrución de Servizo de data 24 de outubro actual, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e en concreto as que ostento en relación á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, segundo delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño de 2011,

## RESOLVO

“Primeiro.- Readscribir a funcionaria D<sup>a</sup>. Lara Rodríguez Rial, DNI 36,091.020-H, nº de persoal 80574, auxiliar de administración xeral adscrita na actualidade a Asesoría Xurídica Municipal, cod. 111, ao Servizo de Limpeza, cód. 252, onde desenvolverá as funcións propias da súa praza.

Así mesmo, a modificación que orixina a referida readscripción deberá ser incorporada polo Servizo de Recursos Humanos na vindeira Relación de Postos de Traballo que se elabore e aprobe.

Segundo- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado a interesada, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Xefe do Servizo de Limpeza, Servizo de Recursos Humanos (negociado de Seguridade Social), Planificación e Organización, Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

### **16(1453).- DANDO CONTA DE RESOLUCIÓN DE TRASLADO DE D<sup>a</sup> BEATRIZ GÓMEZ OURO. EXPTE. 23599/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión Municipal, de data 23.10.2012, que di o que segue:

A medio de escrito de data 9 de xaneiro de 2012, núm. doc. 120001816, a funcionaria D<sup>a</sup>. Beatriz Gómez Ouro, nº de persoal 22622, técnica superior de actividades culturais e educativas, adscrita a Oficina Municipal de Voluntariado, cod. 236, solicita o seu traslado a Área de Servizos Xerais, Cód. 440, petición que conta coa conformidade do Xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, segundo seu escrito de 3 de abril de 2012.

Así mesmo, polo Xefe da Área de Servizos Xerais a través de escrito de data 18 de xaneiro de 2012, maniféstase que non existe inconveniente na realización de dito traslado dado que o perfil da solicitante pode encaixar coa actividade a desenvolver na referida Área, sempre e cando o traslado se realice á propia Área de Servizos Xerais con dependencia directa da súa Xefatura.

Considerando o recollido no artigo 81.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, de 13 de abril do 2007), que contempla que as Administracións Públicas, de xeito motivado, poderán trasladar aos seus funcionarios por necesidades de servizo ou funcionais a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos aos do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando, no seu caso, a adscrición dos postos de traballo dos que sexan titulares,

Vista a Instrución de Servizo de data 22 de outubro actual, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á

superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e en concreto as que ostento en relación á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, segundo delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño de 2011,

## RESOLVO

“Primeiro.- Readscribir a funcionaria D<sup>a</sup>. Beatriz Gómez Ouro, DNI 36.086.665-X, nº de persoal 22622, técnica superior de actividades culturais e educativas, adscrita na actualidade a Oficina Municipal de Voluntariado, cod. 236, á Área de Servizos Xerais, cód. 440, onde desenvolverá as funcións propias da súa praza, baixo a dependencia directa da Xefatura da mesma.

Así mesmo, a modificación que orixina a referida readscripción deberá ser incorporada polo Servizo de Recursos Humanos na vindeira Relación de Postos de Traballo que se elabore e aprobe.

Segundo- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado a interesada, Xefe do Servizo de Atención e Participación Cidadá, Xefe da Area de Servizos Xerais, Servizo de Recursos Humanos (negociado de Seguridade Social), Planificación e Organización, Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

### **17(1454).- DANDO CONTA DE RESOLUCIÓN DE TRASLADO DE D<sup>a</sup> JUANA M<sup>a</sup> RAMIRO GARCÍA. EXPTE. 23602/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión Municipal, de data 23.10.2012, que di o que segue:

A medio de escrito de data 26 de abril de 2012, núm. doc. 120050154, a funcionaria D<sup>a</sup>. Juana M<sup>a</sup>. Ramiro García, administrativa de administración xeral, núm. persoal 8906, adscrita ao Servizo de Voluntariado, solicita o seu traslado a Oficina de Recadación Voluntaria, petición que conta coa conformidade do Xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, segundo seu escrito de 7 de maio seguinte.

Así mesmo, e con data 26 de abril do presente ano, mediante escrito co número de rexistro 120050455, o auxiliar de administración xeral D. Rafael Patiño Vázquez, nº persoal 13557, solicita o seu traslado para a Oficina de Voluntariado, petición que foi informada favorablemente polo Tesoureiro Municipal a través de escrito de data 2 de maio de 2012. Nos referidos escritos, ámbolos dous responsables dos referidos servizos condicionan ditas peticións a que ás prazas

que deixan vacantes sexan cubertas simultaneamente por persoal administrativo ou auxiliar.

Considerando o recollido no artigo 81.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, de 13 de abril do 2007), que contempla que as Administracións Públicas, de xeito motivado, poderán trasladar aos seus funcionarios por necesidades de servizo ou funcionais a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos aos do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando, no seu caso, a adscrición dos postos de traballo dos que sexan titulares,

Vista a Instrución de Servizo de data 22 de outubro actual, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e en concreto as que ostento en relación á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, segundo delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño de 2011,

#### RESOLVO

“Primeiro.- Readscribir a D<sup>a</sup>. Juana M<sup>a</sup>. Ramiro García, DNI nº 35.987.254-M, nº persoal 8906, administrativa de administración xeral, adscrita na actualidade a Oficina de Voluntariado, cód. 236, a Tesourería Municipal (Negociado de Recadación Voluntaria, cód. 541), onde desenvolverá as funcións propias da súa praza.

Segundo.- Readscribir a D<sup>a</sup>. Rafael Patiño Vázquez, DNI nº 36.003.071-K, nº persoal 13557, auxiliar de administración xeral, adscrito na actualidade a Tesourería Municipal (Negociado de Recadación Voluntaria, cód. 541), a Oficina de Voluntariado, cód. 236), onde desenvolverá as funcións propias da súa praza.

Así mesmo, as modificacións que orixinan as referidas readscripcións deberán ser incorporadas polo Servizo de Recursos Humanos na vindeira Relación de Postos de Traballo que se elabore e aprobe.

Segundo- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado a/o interesado/a, Xefe do Servizo de Atención e Participación Cidadá, Sr. Tesoureiro Municipal, Servizo de Recursos Humanos (negociado de Seguridade Social), Planificación e Organización, Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**18(1455).- DANDO CONTA DE RESOLUCIÓN DE TRASLADO DE D. RAFAEL PATIÑO VÁZQUEZ. EXPTE. 23601/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión Municipal, de data 23.10.2012, que di o que segue:

A medio de escrito de data 26 de abril de 2012, núm. doc. 120050154, a funcionaria D<sup>a</sup>. Juana M<sup>a</sup>. Ramiro García, administrativa de administración xeral, núm. persoal 8906, adscrita ao Servizo de Voluntariado, solicita o seu traslado a Oficina de Recadación Voluntaria, petición que conta coa conformidade do Xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, segundo seu escrito de 7 de maio seguinte.

Así mesmo, e con data 26 de abril do presente ano, mediante escrito co número de rexistro 120050455, o auxiliar de administración xeral D. Rafael Patiño Vázquez, nº persoal 13557, solicita o seu traslado para a Oficina de Voluntariado, petición que foi informada favorablemente polo Tesoureiro Municipal a través de escrito de data 2 de mayo de 2012. Nos referidos escritos, ámbolos dous responsables dos referidos servizos condicionan ditas peticións a que ás prazas que deixan vacantes sexan cubertas simultaneamente por persoal administrativo ou auxiliar.

Considerando o recollido no artigo 81.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, de 13 de abril do 2007), que contempla que as Administracións Públicas, de xeito motivado, poderán trasladar aos seus funcionarios por necesidades de servizo ou funcionais a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos aos do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando, no seu caso, a adscrición dos postos de traballo dos que sexan titulares,

Vista a Instrución de Servizo de data 22 de outubro actual, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e en concreto as que ostento en relación á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, segundo delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño de 2011,

**R E S O L V O**

“Primeiro.- Readscribir a D<sup>a</sup>. Juana M<sup>a</sup>. Ramiro García, DNI nº 35.987.254-M, nº persoal 8906, administrativa de administración xeral, adscrita na actualidade a Oficina de Voluntariado, cód. 236, a Tesourería Municipal (Negociado de Recadación Voluntaria, cód. 541), onde desenvolverá as funcións propias da súa praza.

Segundo.- Readscribir a D<sup>a</sup>. Rafael Patiño Vázquez, DNI nº 36.003.071-K, nº persoal 13557, auxiliar de administración xeral, adscrito na actualidade a Tesourería Municipal (Negociado de Recadación Voluntaria, cód. 541), a Oficina de Voluntariado, cód. 236), onde desenvolverá as funcións propias da súa praza.

Así mesmo, as modificacións que orixinan as referidas readscripcións deberán ser incorporadas polo Servizo de Recursos Humanos na vindeira Relación de Postos de Traballo que se elabore e aprobe.

Segundo- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado a/o interesado/a, Xefe do Servizo de Atención e Participación Cidadá, Sr. Tesoureiro Municipal, Servizo de Recursos Humanos (negociado de Seguridade Social), Planificación e Organización, Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**19(1456).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ALDASA S.L.U. RELATIVA ÁS OBRAS DE REMODELACIÓN DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 4447/104.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Turismo e Comercio, do 27.07.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 22.10.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 9.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á expedición da factura FE12 por importe de 69.346,98 euros.
2. Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de C. ALDASA S.L.U. (B-15760150) un importe de 69.346,98 euros, en base ao informe que antecede a presente proposta e que se concreta na seguinte factura que a continuación se relaciona:

NUM. REXISTRO	NUM. FACTURA	IMPORTE
120084996	FE12	69.346,98 euros
<b>TOTAL</b>		<b>69.346,98 euros</b>

3. Recoñecer a obriga a favor de C. ALDASA S.L.U. (B-15760150), por un importe de 69.346,98 euros, imputable a aplicación orzamentaria 4310.6320011”REC. EXT. CRED ORECO e ALDASA ”

**20(1457).- CONTRATO PARA O SUBMINISTRO DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓN DO GRUPO EDITORIAL WOLTERS-KLUWERT. EXPTE. 3133/550.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do vocal do Tribunal Económico Administrativo, do 5.10.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autoriza-lo réxime excepcional previsto na Disposición Adicional 9ª do RDLex 3/Lei 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) para a subscrición a Bases Xurídicas e publicacións especializadas, segundo a proposta remitida pola empresa e que se adxunta ó expediente, para o período outubro 2012 a setembro 2013, có tratamento de contrato menor de servizos, de conformidade co previsto nos art. 111, art. 138.3 e art 10 do TRLCSP, para o acceso a:

**BASES DE DATOS :**

Laley Digital (10 Accesos)  
Laley Digital Doctrina (2 Accesos)  
Laley Digitalprocesalcivil (2 Accesos)  
Laley Laboral.com (2 Accesos)  
CISS ATLAS Fiscal (2 Accesos)  
CISS ATLAS Procedimientos Tributarios (2 Accesos)  
CISS ATLAS Laboral (2 Accesos)  
CISS ATLAS Contabilidad-Mercantil (2 Accesos)  
CISS Premium Protección de Datos (2 Accesos)  
CISS Premium Prevención de Riesgos Laborales (2 Accesos)  
La Página de Medio Ambiente(2 Accesos)  
Web de Tráfico y Seguridad Vial...(2 Accesos)  
El Consultor de los Ayuntamientos Plus (10 Accesos)  
El Consultor Contratación Administrativa (2 Accesos)  
El Consultor Haciendas Locales (2 Accesos)  
El Consultor Licencias Municipales (2 Accesos)

**PORTAL DE REVISTAS ONLINE 32 Revistas WKE (5 accesos):**

Diario LA LEY, Noticias de la Unión Europea, Iuris  
Actualidad Civil, Practica de Daños, Práctica de los Tribunales y Tráfico y Seguridad Vial  
Actualidad Administrativa, Contratación Práctica Admisnistrativa y Práctica Urbanística  
Revista El Consultor de los Ayuntamientos  
Actualidad Laboral, Relaciones Laborales , Legislacio Laboral + Avance Normativo Laboral  
Impuestos, Legislacion Fiscal + Av. Normativo Fiscal, Carta Tributaria y Tribuna Fiscal  
Revista de derecho de la Competencia y Mercado de Valores  
Derecho de los Negocios, Gaceta Jurídica, Derecho Concursal y Paraconcursal  
Revista Penal  
Capital Humano, Marketing y Ventas, Especial Directivos, Estrategia Financiera  
Ecosostenible, Gestión de Riesgos Laborales  
Partida Doble, Revista de Comunicación



2.- Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo importe de 36.240'41 € (Base 29.950,75 € máis 21% IVE 6.289,66 €), para a subscripción á que se refire a proposta adxunta no período outubro de 2.012 a setembro de 2.013

3.- En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do TRLCSP), entendéndose que o mesmo debe de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.

4.- Comunicar a Wolters-Kluwert, unha vez contratado o servizo, que debe proceder á cancelación das subscripcións tanto en soporte físico coma informático do Concello de Vigo e que correspondan a bases ou publicacións comprendidas neste contrato, agás as que sexan obxecto de renovación ou subscripción expresa para os diferentes servizos; as ditas subscripcións ou renovacións deberán ser acordadas en todo caso pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

**21(1458).- APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA ÁREA DE ORDENACIÓN DETALLADA A-2-21 CEÁN. EXPTE. 5033/401.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 22.10.2012, conformado polo director da área de Desenvolvemento Urbanístico e pola Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, e co ditame do Consello da Xerencia, do 2.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a constitución da Xunta de Compensación da AOD A-2-21 Ceán, efectuada mediante escritura pública de data 31.05.2012, autorizada polo Notario de Vigo e do Ilustre Colexio de Galicia, D. Antonio Andrés Salgueiro Armada, ao núm. 785 do seu protocolo.

SEGUNDO: Requirit aos órganos reitores da Xunta de Compensación do ámbito para que insten a práctica da nota marxinal referida no artigo 5 do RD.1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

TERCEIRO: Instar da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI, da Xunta de Galicia, a inscrición desta Xunta de Compensación no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

CUARTO: Notificar o contido íntegro deste acordo á Xunta de Compensación e a todos os propietarios e titulares de dereitos reais no polígono, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os

Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

**22(1459).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA O REXEITAMENTO PRESUNTO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, POLAS DEFICIENCIAS DA OBRA DE “MELLORA DE SEGURIDADE VIAL DA AVD. FLORIDA PO-552. EXPTE. 61749/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do asesor xurídico da área de Fomento, do 17.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe da Titular da Asesoría Xurídica, do 25.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Interpoñer recurso contencioso-administrativo, a través da Asesoría Xurídica Municipal, contra o rexeitamento presunto pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do referido acordo de 3 de agosto de 2012, polo que se lle requiría para que:

Procedera ao arranxo das deficiencias das que adoece a obra de “*Mellora de seguridade vial da Avda. Florida PO-552 (con clave PO/07/01306 )*” denunciadas por este Concello con data 7 de abril de 2011.

**FORA DA ORDE DO DIA**

**23(1460).- DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓNS LABORAIS PRESENTADAS POR BECARIAS, Ó NON MANTER NINGUNHA RELACIÓ DE CARÁCTER LABORAL CO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4572/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Admón. Municipal, do 2.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Desestimar a reclamacións laborais previas presentadas por Dna. M<sup>a</sup> José García Oliveira, D<sup>a</sup> Enma Díaz López e D<sup>a</sup> Natalia Barreiro Fidalgo, por non manter ningunha relación de carácter laboral co Concello de Vigo.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo as reclamante aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderanse interpoñer os recursos contemplados na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social, ou ben recurso contencioso-administrativo nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

**24(1461).- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA REMOLQUE PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 2697/213.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do oficial subxefe do servizo de Bombeiros, do 29.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica, do 8.10.2012, e co informe do técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 7.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º Aproba-lo expediente de contratación por procedemento negociado con publicidade para o subministro dun vehículo motobomba remolque para o servizo de bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 26-10-2012 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 29-10-2012.

2º.- Aproba-lo gasto de 54.000,00 euros para a contratación do subministro dun vehículo motobomba remolque para o servizo de bombeiros que se imputarán a partida 1350624000 “flota de vehículos” crédito éste xerado polo concerto asinado coa entidade “Gestora de Conciertos para la contribución a los Servicios de Extinción e Incendios (AIE)”.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**25(1462).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non hai intervencións

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,30 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.